



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 25)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dous de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado D. José Luís Raposo Magdalena .

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROXECTO E LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4702 “Vilachá – Rozabales – Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+570 a 10+400.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4702 “Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+570 a 10+400, consta no mesmo:

Proxecto da obra POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4702 “Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+570 a 10+400, con CSV: IV7E4G222F7Y3SFL4I4VM7XR74.



Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E4G2DZI7PIWZJWJ6DAJRR4I.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E4G2D2AEOTVMKQ4YDA4COB4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7E4G22P5FNT7U65RUEB3XCD4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E4KPIIFZ6RXEDZTW4OYCSEA.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7E6SZMHM4K7FMS4HQAQOYBFGY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E6SZCPL5LXP4DAJYNKQSU4A.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-4702 “Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+570 a 10+400, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e acordó r a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de cordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 92.510,85 €, dos cales 16.055,60 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO E CONTINUACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relacion coa conformidade para continuar provisionalmente as obras mentras se redacta o modificado do contrato de obra identificado como: OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto - Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

En data 23/10/2020 aprobouse o proxecto técnico, expediente e contratación da obra denominada OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto - Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200, cun orzamento de licitación de 299.960,39€, dos cales 52.059,24€ son de IVE.

A indicada obra, logo dos correspondentes trámites de licitación, foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno o 29/01/2021, a empresa Carferlo SL, na cantidade de 254.584,00 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 6 meses.



Con data 04/02/2021, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

En data 03/03/2021, asíñase acta de comprobación de reformulo.

Na data do 17/06/2021, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para redacción da modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, no que, entre outros, indica:

“(…)

Que desde la redacción del proyecto vigente hasta la fecha de la ejecución de las obras y debido a las fuertes lluvias de este pasado invierno, se ha detectado que será necesario realizar una serie de saneos en el firme actual para consolidar la base de la carretera y conseguir una mayor capacidad portante de la base de la carretera para que en un futuro el nuevo firme no presente problemas de tipo estructural.

Conclusión

Las modificaciones antes relacionadas responden a necesidades debidamente justificadas estando presentes en todas las actuaciones el interés público. Todo ello lleva a la ejecución de una obra completa y segura, cumpliendo en todo momento lo dispuesto en el artículo 205 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Las modificaciónes contempladas se justifican según lo establecido en el artículo 205.2.b) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público:

Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

Que se cumplen todas las condiciones establecidas en el artículo 205.2.b) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y que la tramitación del modificado no exigiría la suspensión temporal parcial o total de la ejecución de las obras, si se acuerda así por el órgano de contratación, ya que el importe máximo previsto no superará el 20 % del precio inicial del contrato, ascendiendo el incremento económico del proyecto modificado nº 1 con respecto al primitivo a cuarenta y seis mil novecientos setenta y un euros con veintiseis céntimos (46.971,26 €.-), a lo que deberá incrementarse un 21% en concepto de IVA, que supone nueve mil ochocientos sesenta y tres euros con noventa y seis céntimos (9.863,96 €.-), euros, siendo la suma total de cincuenta y seis mil ochocientos treinta y cinco euros con veintidos céntimos (56.835,22 €.-), dichas modificaciones presentan un incremento económico del 18,95 % respecto del precio primitivo del contrato, no excediendo, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme al artículo 205 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

Que se ha solicitado al Servicio de Intervención, informe de que existe consignación presupuestaria adecuada para atender las obligaciones que se deriven del cumplimiento del contrato, emitiendo éste informe favorable.

Que una vez se preste conformidad por el órgano de contratación a esta propuesta, si así lo estima, se procederá a solicitar al Servicio de Supervisión de Proyectos el correspondiente informe según establece el artículo 242.5.e) de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, además tal y como establece el artículo 242.5.b) de la mencionada Ley 9/2017, se le ha dado audiencia al contratista mostrando éste su conformidad.



A la vista de lo expuesto, este Director de Técnico solicita la preceptiva autorización administrativa para proceder a la redacción de un Proyecto Modificado de “OUROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto- Muras" , PK 18+550 A 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade" , PK 0+000 a 0+200”.

En data 29/06/2021 recíbese informe complementario, que reproduce o anteriormente citado, e aclarando os importes do modificado, unha vez aplicado a mesma baixa unitaria de adjudicación.

Consideracions xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artículo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Por su parte o artigo 242.5 da LCSP, precisa:

“5. Cuando la tramitación de una modificación exija la suspensión temporal total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social y demás entidades públicas integrantes del sector público estatal, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación.

El expediente de continuación provisional a tramitar al efecto exigirá exclusivamente la incorporación de las siguientes actuaciones:

a) Propuesta técnica motivada efectuada por el director facultativo de la obra, donde figure el importe aproximado de la modificación, la descripción básica de las obras a realizar y la justificación de que la modificación se encuentra en uno de los supuestos previstos en el apartado 2 del artículo 203.

b) Audiencia del contratista.

c) Conformidad del órgano de contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe de la Oficina de Supervisión de Proyectos, en el caso de que en la propuesta técnica motivada se introdujeran precios nuevos. El informe deberá motivar la adecuación de los



nuevos precios a los precios generales del mercado, de conformidad con lo establecido en el apartado 3 del artículo 102.

En el plazo de seis meses contados desde el acuerdo de autorización provisional deberá estar aprobado técnicamente el proyecto, y en el de ocho meses el expediente de la modificación del contrato.

Dentro del citado plazo de ocho meses se ejecutarán preferentemente, de las unidades de obra previstas, aquellas partes que no hayan de quedar posterior y definitivamente ocultas”.

Neste caso, segundo o informe técnico, en relación ao importe indica “el importe del modificado máximo previsto no supera ao indicado do 20 por cento”, podendo polo tanto continuar provisionalmente as obras.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

(...”).

No informe e informe complementario da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado b) do artigo 205.2, “...necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que



fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato...” indicando, neste sentido que se cumplen todas as condicións establecidas no indicado artigo.

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Segundo o informe da Dirección Técnica, neste caso o importe do modificado suporía un incremento de 46.971,26€, mais IVE, do prezo primitivo do contrato, o que supón un total de 56.835,22€.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso non supera o 20%, xa que indica “... dichas modificaciones presentan un incremento económico del 18,95% respecto del precio primitivo...”.

Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos

precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñécese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, indica que non supón incremento superior ao 20% do prezo primitivo do contrato, ao alcanzar dito modificado o 18,95%.

Consta ademais no expediente certificado de que existe crédito dispoñible para o indicado modificado.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso debe supoñer un reaxuste da garantía en 1.993,29€ Euros.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP).

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os



efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de 03 de setembro de 2020.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a redacción da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto-Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200, e continuación provisional das obras mentres se redacta o proxecto modificado, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido.

A vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a redacción do proxecto modificado da obra OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto- Muras" , PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200.

2º.- Determinar a continuación provisional das obras mentres se redacta a modificación do proxecto da indicada obra.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO MODIFICADO DE PROXECTO DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020 E REMANENTES.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 e aplicación de remanentes producidos na adxudicación de ditos investimentos.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, sendo modificado dito investimento por acordo da Xunta de Goberno de data 30/12/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	PROXECTO MODIFICADO REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	80.327,91€	92.392,61€

O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas na licitación do investimento indicado, cuantificada en 4.408,21€, e a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións que se indica.

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo a través de escrito de data 23/06/2021 solicita:

A segunda modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 135, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... o Servizo Territorial de Augas de Galicia plantexou a necesidade de facer algunhas modificacións nos elementos previstos para a condución de augas ...” polo que deseguido se indica, cun orzamento de 94.213,58 € mais 4.404,40 € de honorarios, así como documentación e proxecto da nova actuación solicitada, así como a aplicación dos remanentes para financiar o incremento do proxecto modificado segundo correxido.

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adjudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adjudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Na base 11, establécese “... Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña

modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

Así mesmo, na base 17 indícase “...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.



Así, o investimento, unha vez aplicada a baixa de licitación correspondente ao orzamento do proxecto, e tendo en conta os remanentes da achega da deputación, quedaría financiado do seguinte xeito:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	PROXECTO MODIFICADO SEGUNDO CORREXIDO REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLUÍDO HONORARIOS	13.881,86€	80.327,91€	94.209,77€

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Conclusión.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto e aplicación de remanentes para o financiamento do investimento indicado, relativo ao Concello de Mondoñedo que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto de investimento relativo ao Concello indicado, así como aplicación de remanentes para o financiamento do incremento do antedito modificado segundo corrixido, e quedando o plan único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos, coa financiación indicada, unha vez aplicada a baixa de licitación ao orzamento do proxecto:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	PROXECTO MODIFICADO SEGUNDO CORREXIDO REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLUIDO HONORARIOS	13.881,86€	80.327,91€	94.209,77€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO MODIFICADO DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castroverde, solicitando modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castroverde no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	50	ACTUACIÓNS DE FORMIGONADO EN CAMIÑOS DE SERES E CARBALLEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	50.297,16 €	50.297,16 €

A Alcaldía do Concello de Castroverde, a través de escrito de data 24/06/2021 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 50, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... substitución da tubaxe soterrada do proxecto por un pavimento de formigón con mallazo, debido ao incremento do caudal de escorrentía existente con respecto ao caudal existente que serviu de base para a toma de datos do proxecto...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	50	MODIFICADO ACTUACIÓNS DE FORMIGONADO EN CAMIÑOS DE SERES E CARBALLEDO, INCLUIDO HONORARIOS	0,00€	50.297,16€	50.297,16€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa

esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Castroverde, que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Castroverde, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTROVERDE	50	MODIFICADO ACTUACIÓN DE FORMIGONADO EN CAMIÑOS DE SERES E CARBALLEDO, INCLUIDO HONORARIOS	0,00€	50.297,16€	50.297,16€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Escrito do Concello de O Incio, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 117,118,119,120 e 121 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Incio, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (117,118,119,120 e 121) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



O Concello de O Incio presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O INCIO	117	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CABUDE E RENDAR, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	4.951,46
O INCIO	118	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A BARREIRO, FOILEBAR, COVELAS E MARTIN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	7.581,30
O INCIO	119	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CALVOS, NOCEDA E CASTELO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	4.721,94
O INCIO	120	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A PACIOS E SANTALLA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	8.536,90
O INCIO	121	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS DE BARBADAOS, SANTALLA, TEIMONDE, FERRADAL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	17.545,41

Por escrito de data 25/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
O INCIO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS EN ROMARIZ E STO EUFRASIO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,00€	43.337,01€	43.337,01€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Incio, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Incio e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O INCIO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS EN ROMARIZ E STO EUFRASIO, INCLÚDO HONORARIOS	1531.76201	0,00€	43.337,01€	43.337,01€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Baleira, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 14 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Baleira, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (14) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.



Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no Plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Baleira presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BALEIRA	14	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS DESDE O CÁDAVO A PERRELOS E TOUZÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	13.549,93€

Por escrito de data 28/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BALEIRA	REM	FORMIGONADO DE CAMIÑO EN A CARRACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	13.549,93€	13.549,93€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Baleira, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Baleira e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente



incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BALEIRA	REM	FORMIGONADO DE CAMIÑO EN A CARRACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	13.549.93€	13.549,93€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, SOBRE A DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN ORDINARIA DE 16 DE ABRIL DE 2021, POLA DIOCESE MONDOÑEDO-FERROL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición interposto o 3 de xuño de 2021 polo representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2021, emítase o seguinte informe

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2018, adoptou, por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 80.004,01 €, a favor da Diocese de Mondoñedo – Ferrol, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro”, subvención

incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertence á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 80.004,01 € con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Diocese Mondoñedo – Ferrol, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro”.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con esta proposta”.

O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diocese de Mondoñedo–Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 6 de marzo de 2018.

Por resolución presidencial, de data 24 de xullo de 2018, resolveuse:

“Aboar á Diocese de Mondoñedo – Ferrol a cantidade de 64.003,20 € en concepto de anticipo do 80% do importe da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Diocese Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, ao considerarse cumpridos os requisitos establecidos no convenio de referencia para o aboamento deste”.

Consta aboamento do anticipo en data 27 de xullo de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de decembro de 2018, adoptou, por unanimidade , entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar a Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifican as cláusulas terceira e



Undécima do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia:

Cláusula Terceira: “(...) Consideráanse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 4 de marzo de 2019.

Cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 4 de marzo de 2019 (...)”.

A Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Diócese Mondoñedo–Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 11 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 12 de febreiro de 2021, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“Primeiro: Declarar decaído, á Diocese Mondoñedo -Ferrol, no tramite de emenda de documentación.

Segundo: Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da citada subvención e iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo máis os xuros de mora ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

Terceiro: Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante da Diócesis Mondoñedo Ferrol poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

Cuarto: No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante da entidade beneficiaria porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 100xxxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2021/XEN_01/000361”.

O representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol presentou, dentro do prazo do -trámite de audiencia-, escrito de alegacións e nova documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2021, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“Primeiro: Estimar a alegación primeira e desestimar as alegacións segunda e terceira da remitidas polo representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol

Segundo: Que o representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol, como consecuencia do “incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención” (artigo 37.1.c LXS) debe reintegrar á Deputación de Lugo a contía de 64.003,20 € (correspondente ao importe da subvención aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 6.536,22 € en concepto de xuros de mora.

Terceiro: Que o pago da cantidade total adeudada (70.539,42 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/XEN_01/000361” nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”.

Aos citados feitos son de aplicación os seguintes.

Consideracións xurídico administrativas.



Segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, no sucesivo):

“Consideraranse interesados no procedemento administrativo. a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos (...)” (artigo 4.1 LPAC).

“Poñen fin á vía administrativa: (...) d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento”. (artigo 114.1 LPAC).

“Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou ser impugnados directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo” (artigo 123.1 LPAC).

“O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido dito prazo, unicamente poderá interperse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión (...) 2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. 3. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interperse de novo dito recurso” (artigo 124 LPAC).

Segundo o establecido no artigo 37.1 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data en que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, no suposto de “Incumprimento da obriga de xustificación ou da xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.

Na cláusula oitava do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo-Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na

anualidade 2017, recóllese a documentación xustificativa a aportar pola entidade beneficiara como data límite o 4 de marzo de 2019.

Na devandita cláusula establécese expresamente que o beneficiario deberá aportar, entre outros documentos, facturas cuxo contido recolla o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

No Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (ao que se remite expresamente a cláusula oitava do convenio de referencia) establécese o seguinte:

Que será obrigatoria, en todo caso, a expedición en series específicas das facturas rectificativas (artigo 6).

Que deberá expedirse unha factura rectificativa nos casos en que a factura orixinal non cumpra algún dos requisitos que se establecen nos artigos 6.

A rectificación realizarase mediante a emisión dunha nova factura na que se faga constar os datos identificativos da factura rectificada.

A factura rectificativa deberá cumprir os requisitos que se establecen no artigo 6.

Cando o que se expida sexa unha factura rectificativa, os datos aos que se refire o artigo 6.1.f), g) y h) expresarán a rectificación efectuada (artigo 15. Facturas rectificativas).

Conclusiones

Tras analizar o contido do recurso de reposición interposto polo representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol, e tendo en conta que:



O representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol está legitimado (en base ao establecido no artigo 4 da LPAC) para a interposición do recurso de reposición.

O recurso de reposición foi aportado dentro do prazo legalmente establecido.

O acordo impugnado é un acto administrativo que pon fin á vía administrativa.

Desestímase as alegacións contidas no devandito recurso en base as seguintes consideracións:

A documentación xustificativa que obra no expediente non se adapta ao establecido na cláusula oitava do convenio polo que é de aplicación o establecido no artigo 37.1 c) da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones

O Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo non é coñecedor de recursos interpostos.

Así mesmo, tralos diversos requirimentos efectuados dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento non se comunicou, por parte do beneficiario da subvención, a interposición de ningún recurso.

Indicar que o recurso non se interpuxo ata o 3 de novembro de 2020 (contra a resolución da alcaldía do Concello de Foz de data 8 de outubro de 2020 ao respecto do IBI de 2012, 2013 e 2014, xa en vía de constrinximento).

O representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol remitiu, dentro do prazo do -trámite de audiencia-, documentación xustificativa emendada da subvención, tal e como se desprende da documentación que obra no expediente (achéganse facturas e certificacións de obra modificadas). Documentación que foi presentada tras ser declarados decaídos no trámite de emenda de documentación polo que non procede a súa tramitación.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno, órgano que ditou a resolución de data 16 de abril de 2021, se acorde o seguinte:

Desestimar o recurso de reposición interposto polo representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación, se procede da segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e os concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data de 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e os Concellos adheridos para a financiación e contratación conxunta e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalación de transporte de enerxía eléctrica e gas, cun orzamento total de 251.809,92€; a achega desta Entidade ascende a contía 125.904,96 € e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos.



2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte deste Organismo Provincial para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 125.904,96 € con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Deputación para a anualidade 2018.”

Con data de 20 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno aprobou a addenda ao convenio interadministrativo, onde se modificou a cláusula primeira, segunda e anexo, pasando dun orzamento total de 251.809,92 euros e 52 concellos a un orzamento total de 264.939,55 euros e 53 concellos adheridos; sendo a achega desta Entidade da contía de 132.469,77 euros e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos.

Con data de 21 de xaneiro de 2021 formalizouse o contrato coa U.T.E integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron para a “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos“ en cada un dos 53 concellos da provincia de Lugo, por un importe de 203.631,00 € máis o 21% do IVE, sendo o importe total de 246.393,51 euros.

Que como consecuencia da adxudicación do contrato e dado que a empresa adxudicataria realizou unha economía no proceso de licitación, a aportación municipal e da Deputación provincial vese reducida no seu importe, a un orzamento total de 246.393,51 euros.

Con data 7 de maio de 2021, por parte do concello de Oural, solicítase a realización do inventario da ocupación privativa ou aproveitamento especial do dominio publico municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos e o correspondente informe técnico económico, regulación da taxa e proposta de tarifas.

Con data 7 de xuño de 2021, por parte do concello de Lugo, solicítase a realización do inventario da ocupación privativa ou aproveitamento especial do dominio publico municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos e o correspondente informe técnico económico, regulación da taxa e proposta de tarifas.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Modificar as cláusulas primeira, segunda, e quinta e o anexo do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e os concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 11 de maio de 2018 e modificado o 20 de xullo de 2018 nos termos da segunda addenda que se incorpora ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 9.273,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22706 do vixente orzamento provincial, en concepto de achega económica por parte de esta Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contemplados no citado convenio, e que sumado ao importe anteriormente consignado de 123.191,76 euros, suma un total de 132.469,76 euros (de un orzamento total de 246.393,52 euros).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE INICIACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A OBTENCIÓN DOS BENS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA. FOZ.- ACONDICIONAMENTO LU-P-0210 “A SEARA (LU-160)- SAN ACISCLO (LU-152A)” P.Q. 5,100 AO 5,326.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Na Sesión da Xunta de Goberno desta Deputación celebrada o día 29 de xaneiro de 2021, aprobouse o proxecto técnico correspondente á obra arriba mencionada, quedando aprobado definitivamente o día 5 de marzo de 2021, e asemade tense requirida, polo Servizo de Vías e Obras, a iniciación do expediente expropiatorio para a adquisición dos bens ou dereitos afectados



necesarios para a execución da devandita obra a tramitar polo procedemento urxente, segundo o sinalado no artigo 22.5 da Ley 6/2015, de 7 de agosto, por la que se modifica la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia; por todo isto proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Iniciar o expediente de expropiación forzosa para a adquisición dos bens necesarios para a execución da obra: Foz. Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”. P.Q. 5,100 ao 5,326.

2º.- Someter a relación individualizada de bens a información pública, mediante edicto no BOP, na prensa e no taboleiro de anuncios do/s Concello/s en cumprimento do disposto no art. 18 da LEF, e proseguir o expediente expropiatorio mediante a súa tramitación polo procedemento urxente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Primeiro.- *Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 7.262,67 €.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	ACREEDOR	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
F21/000080	2021-01-11	Federación Frisona Galega	185,35 €	Cota Socio Anual Conafe, Cota Reprodutora Conafe e Fefrica 1º semestre/21 Gayoso Castro. 2021/FAC_01/000321	Servizos	2021-01-11
12FV-12590	2021-01-30	Eco Agro Castro, S.L.	203,74 €	Adquisición Medicamentos e Material Sanitario para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/000453	Subministrados	2021-01-30
12FV-12591	2021-01-30	Eco Agro Castro, S.L.	1.241,36 €	Adquisición Material Vario Funxible Sanitario e Outro para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/000455	Subministrados	2021-01-30
AF-986	2021-01-31	Africor Lugo	101,25 €	Cota Control Leiteiro, mes de xaneiro/21 para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/000485	Servizos	2021-01-31
21TB 1	2021-01-31	Agrocastro, S.L.	30,67 €	Adquisición 15UDS Nitróxeno Líquido para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/000520	Subministrados	2021-01-31
AF-2271	2021-02-28	Africor Lugo	99,88 €	Cota Control Leiteiro mes de febreiro/21 na Granxa Gayoso Castro. 2021/FAC_01/000750	Servizos	2021-02-28
21TB 11	2021-02-28	Agrocastro, S.L.	126,18 €	Adquisición Nitróxeno Líquido para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/000787	Subministrados	2021-02-28
AF-3558	2021-03-31	Africor Lugo	137,48 €	Servizo Programa Apareamentos Opción A e Cota Control Leiteiro mes de marzo/21 para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001096	Servizos	2021-03-31
12FV-12819	2021-04-30	Eco Agro Castro, S.L.	2.387,32 €	Adquisición Medicamentos Varios e Material Funxible Sanitario Vario para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001331	Subministrados	2021-04-30
2	2021-04-16	Jesús Muínelo González	1.892,00 €	Servizos Veterinarios Clínicos Vacas da Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001367	Servizos	2021-04-16
00130A000385	2021-05-01	ADSGestión S.C.G.	165,00 €	Servizos Veterinarios Certificación Boas Prácticas Trimestre da Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001373	Servizos	2021-05-01
21TB 22	2021-04-30	Agrocastro, S.L.	120,44 €	Adquisición 42UDS Nitróxeno Líquido para a Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001466	Subministrados	2021-04-30
3	2021-05-14	Jesús Muínelo González	572,00 €	Servizos Veterinarios Urgencia (Hipocalcemia, Ciruxía Cuajar, Visita e 2 Eutanasias da Granxa Provincial. 2021/FAC_01/001572	Servizos	2021-05-14
TOTAL			7.262,67 €			

Total: 7.262,67 €.

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.



Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data 22-06-2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 7.262,67 €, segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e proponendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 7.262,67 €.

Total: 7.262,67 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Informe- proposta de validación do gasto, da Sección de Mantemento, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido, polo importe de 3.956,35 €.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables da Sección de Mantemento, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Acreeedor	Nº de factura	Data factura	Importe	Obxecto de gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	A/19289	18/06/2019	185,87 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo.GTM2020 FAC_01/001398	SERVIZOS	De 01/03/2019 ao 07/03/ 2019	9200.22701 92021/1660
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	A/19287	18/06/2019	796,58 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo.GTM2020 FAC_01/001372	SERVIZOS	XANEIRO 2019	9200.22701 92021/1649
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	A/19288	18/06/2019	796,58 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo. GTM2020 FAC_01/001381	SERVIZOS	FEBREIRO 2019	9200.22701 92021/1650
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICAS.L.	A/19284	18/06/2019	584,16 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo. GTM2020 FAC_01/001394	SERVIZOS	De 08/10/2018 ao 31/10/2018	9200.22701 92021/1659
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	A/19285	18/06/2019	796,58 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo.GTM2020 FAC_01/001390	SERVIZOS	Novembro 2018	9200.22701 92021/1652
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	A/19286	18/06/2019	796,58 €	Mantenimento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión na Deputación de Lugo. GTM2020 FAC_01/001388	SERVIZOS	Decembro 2018	9200.22701 92021/1651
TOTAL			3.956,35 €				

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas pola Sección de Mantemento manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axusta, ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.

Vista/s a/s resolucións/es da Presidencia de data/s 21 de xunio de 2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 3.956,35 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.



Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da/s seguinte/es factura/s, por un importe de 3.956,35 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAI REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado as bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2021.

2º.- Aprobado o gasto correspondente por un importe total de 71.000,00 € (setenta e un mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa para esta anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 130.000,00 € (cento trinta mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excma. Deputación de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 111, do día 16 de maio de 2018, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de

subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detectáanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 10/12/2019 e 13/12/2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 15 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación a documentación requerida. , advertíndolles que a non presentación da



documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 11/12/2019 e 18/12/2019, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excmá Deputación de Lugo, revolveu, con data 29/04/2021 e 04/06/2021, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 10/05/2021 e 09/06/2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

Transcorrido o citado prazo de 10 días e non sendo atendido o citado tramite de audiencia polas asociacións citadas, informáse:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas ,ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 186 de 14 de agosto de 2018.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Apa Colegio Público Rosalía de Castro de Mosteiro-Pol	Lecer en inglés, xogos tradicionais, obradoiro pintura artística, viaxe cultural a Ferrol e Ás Fragas do Eume.	1.127,00
Asoc. Cultural Faro-Miño	Mostra teatro popular Maruxa Villanueva.	1.048,00
Apa del Colegio P.P. Escolapios de Monforte	5 meses de memoria histórica: Obradoiro (poesía, contacontos ...), maios, letras galegas, outros.	841,00
Asoc. Parkinson	Contacontos, taller de refráns, “Non esquecemos a nosa cidade”, taller música popular, “Cóntame daqueles vellos tempos”, coro.	968,00
Auxilia	Cultura para a integración: Entroido, visitas museos, xornada convivencia e obra de teatro, excursións a provincia de Lugo, samaín e magosto.	1.255,00
Asoc. Cultural Punto de Cruz	Viaxe cultural a Portugal	361,00

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Apa Colegio Público Rosalía de Castro de Mosteiro-Pol	Lecer en inglés, xogos tradicionais, obradoiro pintura artística, viaxe cultural a Ferrol e Ás Fragas do Eume.	1.127,00
Asoc. Cultural Faro-Miño	Mostra teatro popular Maruxa Villanueva.	1.048,00
Apa del Colegio P.P. Escolapios de Monforte	5 meses de memoria histórica: Obradoiro (poesía, contacontos ...), maios, letras galegas, outros.	841,00
Asoc. Parkinson	Contacontos, taller de refráns, “Non esquecemos a nosa cidade”, taller música popular, “Cóntame daqueles vellos tempos”, coro.	968,00
Auxilia	Cultura para a integración: Entroido, visitas museos, xornada convivencia e obra de teatro, excursións a provincia de Lugo, samaiñ e magosto.	1.255,00
Asoc. Cultural Punto de Cruz	Viaxe cultural a Portugal	361,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:



“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se derogará la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.



Con arreglo ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e conséntase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 15 de abril de 2021, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 16 de abril de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excmá Deputación de Lugo, resolveu, con data 31 de Maio de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 04 de Xuño de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requirida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de

subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
AAVV Cultural y Deportiva de Los Villares	Romaría Labrega da Chaira	1.081,00€
Asoc. Cultural e Deportiva O Castro de Vilaronte	Festival do Emigrante	969,00€
Asoc. Cultural Mercenarios Galaicos	Actividades de Recreación Histórica	801,00€
Asoc. Trebas Galaicas	Curso Panoplia Castrexa	746,00€
ANPA Ceip Luis Pimentel Triscos	Nadal, Viaxe Cultural, Entroido e Obradoiros	615,00€
ANPA Abella do Ceip Casás	Informática, Robótica, Inglés, Teatro e Danza Galega	708,00€
Asoc. Cultural Mil Cores	Obradoiros de Interpretación Artística, Informática, Memoria Fotográfica, Escritura creativa, Creación e Comunicación Audiovisual, Teatro e Moniqreques	615,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2019.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 046 do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Os Anguias BTT	Ruta da Anguía de Ciclismo	1.394,00 euros

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 347/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 11 de xuño de 2021 ditado polo Xulgado do Social nº3 de Lugo en relación co Procedemento Ordinario 347/2021 seguido a instancia de D^a Pura Zato Montenegro fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade, no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº3 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.-Sentenza 138/2021.

Dase conta da sentenza nº 138/2021 de 10 de maio de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no procedemento abreviado 247/2020-P, seguido a instancia de Generali España, S.A. fronte o Concello de Cervantes e a Deputación de Lugo en materia de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados nunha vivenda debido á escorrentía de augas pluviais nun camino; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de la aseguradora Generali S.A. de Seguros y Reaseguros, representada por el procurador Andrés Corral Álvarez, contra el acto administrativo que se ha descrito en el fundamento de derecho primero de esta sentencia, y, en consecuencia, se condena al Concello de Cervantes a que conforme al suplico de la demanda indemnice a la aseguradora en la cantidad total de 5.192 euros por los daños y perjuicios ocasionados por el siniestro, con aplicación del interés moratorio legal a esta cantidad desde la fecha de presentación de la reclamación previa en vía administrativa. Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de la aseguradora Generali S.A. de Seguros y Reaseguros, representada por el procurador Andrés Corral Álvarez, frente a la Diputación Provincial de Lugo, de conformidad con lo fundamentado. Con imposición de costas a la demandante”*. A Xunta de Goberno queda enterada.



Segunda.- *Decreto nº 5/2021.*

Dase conta do decreto nº 5/2021 de 8 de febreiro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no procedemento abreviado 258/2017-P, seguido a instancia de Catalana Occidente, S.A. de Seguros y Reaseguros e D. Hugo Barro Pico fronte a Deputación de Lugo en materia de responsabilidade patrimonial polos danos producidos nun vehículo cando circulaba pola estrada LU-P-2204 debido á existencia dunha fochanca, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Tener por caducada la instancia en el presente proceso, sin hacer expresa condena en costas*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceira.- *Conta e cumprimento Execución Definitiva nº7007/2020 de Sentenza de data 29 de maio de 2019 ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia.*

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Asesoría Xurídica de data 30 de abril de 2021 no que se sinala:

“Na data 3/febreiro/21 recibíuse oficio da Sala Contencioso Administrativo, Sección 3ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, derivado de resolución ditada no procedemento de execución definitiva EJD 7007/2020 e dirixido á Deputación Provincial de Lugo, no que se require información relativa ás dilixencias practicadas para a execución da Sentenza do 29/maio/2019 recaída no Procedemento Ordinario nº 7077/2018. Tal oficio deriva de solicitude da representación do executante, don José Elías Vázquez Díaz, no que se insta a execución forzosa de dita resolución xudicial e se requira á Deputación Provincial, na súa condición de sucesora da sociedade SUPLUSA (beneficiaria da expropiación), o pagamento dun total de 535.127,33 euros (347.928,11 euros de principal e 172.443,48 euros en concepto de xuros), así como a imposición das custas de execución.

A Xunta de Goberno acordou en sesión do 12/febreiro/2021 comparecer como parte no procedemento sinalado a través desta Asesoría Xurídica (Anexo 1).

O citado proceso xudicial deriva do procedemento de expropiación relativo ao “Proxecto 00497 – Plan Sectorización da S.A.U. 2, Sector 1, termo municipal de Begonte-Lugo”, Expediente nº 775/2017. En dito procedemento expropiatorio procedérase na data 24/marzo/2009 á efectiva ocupación dos bens afectados, entre eles a parcela nº 4 propiedade do mencionado don José E. Vázquez. O organismo expropiante na folla de aprecio fixou un xustiprezo de 106.792,64 euros (incluído premio de afección), importe que lle foi abonado naquela data ao propietario da indicada parcela.

Non obstante o anterior, o expropiado recorreu aquela valoración perante o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG), que por acordo do 21/décembro/2017 elevou o xustiprezo ao importe total de 248.643,58 euros (premio de afección incluído).

Contra ese acordo do XEG formularon ambas partes na vía xudicial senllos recursos contenciosos. Estes recursos debéranse tramitar e resolver nun único procedemento xudicial, mediante a súa acumulación; sen embargo seguíronse separadamente (o XEG, como administración demandada, non informou á Sala da súa existencia simultánea) e remataron con cadansúa sentenza.

O recurso que formulou SUPLUSA deu lugar ao Procedemento Ordinario nº 7062/2018, tramitado ante esta mesma Sala e Sección, figurando como Administración demandada o propio XEG, e sen que conste como personado e parte nese proceso o titular da finca expropiada. Ese procedemento finalizou por Sentenza do 29/marzo/2019, xa firme, na que se desestima o recurso que formula SUPLUSA contra aquel acordo do XEG de fixación do xustiprezo (Anexo 2).

O recurso que formulou a representación do expropiado deu lugar ao Procedemento Ordinario nº 7077/2018 (do que deriva esta execución actual), figurando igualmente como Administración demandada o XEG e sen que conste o personamento e intervención de SUPLUSA como parte no procedemento. Este procedemento -como xa se indicou- finalizou por Sentenza -xa firme- do 29/maio/2019, na que se estima parcialmente o recurso do propietario e se incrementa o prezo referido no apartado concreto de “valoración do solo” ao importe de 222.064,99 euros mais o 5% de premio de afección (o prezo fixado polo XEG para ese apartado concreto fora de 127.508,29 euros mais o premio de afección) (Anexo 3).



Personada a Deputación Provincial a través desta Asesoría Xurídica na execución EJD 7007/2020, promoveu incidente de execución con oposición aos termos instados pola parte executante na súa solicitude, tanto no que se refire ao principal reclamado (non se descontaba do mesmo o importe de 106.792,64 euros, xa percibido no seu día polo titular da parcela), como no que atinxe ao importe dos xuros devindicados (toda vez que se pedía a aplicación de xuros de mora ata a data de sentenza, e dun incremento de dous puntos a partir de dita data).

Por Auto do 15 de marzo do 2021 a Sala C.A. do TSX de Galicia acorda "...acoger en parte la pretensión de ejecución forzosa de la sentencia firme de esta sala de 29.05.19, promovida por la representante procesal de don José Elías Vázquez Díaz, al que abonará la Diputación Provincial de Lugo el principal de 141.850,94 euros que le adeuda, así como sus intereses legales computados desde el 24.09.08 hasta su pago efectivo, que se deberá producir antes del 16.04.21; en caso contrario esos intereses se incrementarán en dos puntos a partir del 16.04.21 hasta su pago. No hacemos condena en costas" (Anexo 4).

Contra a anterior resolución formulouse recurso de reposición pola parte executante, en relación tanto ao importe fixado en concepto de principal, como interesando de novo a imposición de xuros de mora. A Deputación Provincial formulou oposición a dito recurso.

En Auto do 22 de abril do 2021 a Sala estima en parte o recurso, fixando como principal o importe de 241.135,47 euros (considera que houbo un erro ou omisión no anterior Auto en relación a dito importe), e desestima a solicitude de imposición de xuros de mora (Anexo 5).

Como conclusión do exposto a Deputación Provincial vén agora na obriga, na súa condición de sucesora universal de SUPLUSA (acordo do Pleno do 30/novembro/2020), de abonar ao aquí executante, don José Elías Vázquez Díaz, as seguintes contías:

141.850,94 euros en concepto de principal, incrementada cos xuros legais devindicados dende a data 24/setembro/2008 ata a data 16/abril/2021; e dende esta data (16/abril/2021) co xuro legal incrementado en dous puntos ata a data efectiva de pago.

99.284,53 euros en concepto de principal, incrementada cos xuros legais devindicados dende a data 24/setembro/2008 ata a data efectiva de pago; se esta data de pago fora posterior ao 20/maio/2021, a contía indicada devindicará o xuro legal incrementado en dous puntos dende esta data.

Segundo se establece no Auto do 15/marzo/2021, o beneficiario deberá ser requirido a fin de que facilite a esta entidade local coa debida dilixencia os seus datos bancarios ou forma alternativa de pago, a fin de proceder ao abono acordado.

Anexos:

Acordo do 12/febreiro/2021 da Xunta de Goberno Local de comparecencia na execución EJD 7007/2020.

Sentenza do 29/marzo/2019 da Sala C.A.-TSX Galicia, Secc. 3ª (Procedemento Ordinario 7062/2018).

Sentenza do 29/maio/2019 da Sala C.A.-TSX Galicia, Secc. 3ª (Procedemento Ordinario nº 7077/2018).

Auto do 15 de marzo do 2021 da Sala C.A. do TSX de Galicia, Secc. 3ª (EJD 7007/2020).

Auto do 22 de abril do 2021 da Sala C.A. do TSX de Galicia, Secc. 3ª (EJD 7007/2020)”

Visto que, logo da tramitación correspondente, consta retención de crédito e autorización e disposición de gasto por importe de 352.986,11 euros a favor de D. José Elías Vázquez Díaz , en relación coa Execución Definitiva nº7007/2020 dimanante do P.O.7077/2018 logo da Sentenza de data 29 de maio de 2019 ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia, constando asemade o cálculo de xuros realizado polo Servizo de Tesouraría desta entidade.

Visto o anteriormente exposto á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

Dar cumprimento como sucesora da sociedade SUPLUSA no expediente nº 775/2017 da expropiación: “Proxecto 00497 – Plan Sectorización da S.A.U. 2, Sector 1, termo municipal de



Begonte-Lugo”, á Execución Definitiva nº7007/2020, dimanante do P.O. 7077/2018, Sentenza de 29 de maio de 2019 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia; e proceder, vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade resultante comunicada polo Servizo de Intervención, ao ingreso da cantidade de 352.986,11 euros en concepto de principal e xuros na data sinalada nos cálculos feitos polo Servizo de Tesouraría a favor de D. José Elías Vázquez Díaz unha vez requirido para que facilite a esta entidade os seus datos bancarios ou forma alternativa de pago.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.